



Este xoves comeza o 8º ciclo de mesas redondas Escritoraes na Universidade

Ventá aberta aos discursos literarios que emerxen da crise

Baixo o título "Unha outra literatura para un outro tempo"

Mª del Carmen Echevarría | Vigo

Crise na crise. Tal é a situación que sofre a literatura galega no contexto actual. Así é, ou se cadra só o parece? "Probablemente sexa a literatura a que dea unha imaxe máis fiable do verdadeiro pulso do presente. Este tempo é un tempo de derrubo e, tamén de construción, aínda que moitas veces o ruído mediático, magnifique a desfeita e silencio o agromo". Esta reflexión da escritora e profesora da Universidade de Vigo Rexina Vega contén en si mesma a esencia da oitava edición do ciclo de mesas redondas Escritoraes na Universidade que os días 26 de setembro e 3 e 17 de outubro desenvolverase no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia.

Unha outra literatura para un outro tempo, título desta oitava edición do ciclo, afondará da man de seis autores na percepción que ten a literatura galega da crise, así coma nos discursos emerxentes nados cunha pretensión de futuro. "A idea central do ciclo", explica Vega, presentadora e organizadora das sesións. "é a crise sistémica na que naufragamos. O que nos interesa é ver como se percibe esa desintegración desde a literatura galega e tamén, cales son os discursos que emerxen xusto agora e que pretenden construír futuro". Os narradores Alberto Lema e Samuel Solleiro; os poetas Berta Dávila e Gonzalo Hermo e as actrices e escritoras Antía Otero e Vanesa Sotelo serán os representantes deses discursos emerxentes aos que fai referencia Rexina Vega que se refire a este ciclo como "unha das pouquísimas ventás que aínda temos para darlle voz aos autores, para reflexionarmos canda eles sobre a nosa identidade cultural".

Arriscando con hibridismos xenéricos

Nesta oitava edición, o ciclo de escritores mantén a tradición de elixir dous autores por cada xénero e respectar o criterio de paridade no sexo, introducindo, para adaptarse á temática escollida varios trazos moi concretos. Así, ao tratarse de discursos emerxentes optouse por representantes de xeracións novas, arredor da trintena que, segundo explica Vega, "comparten coordenadas ben diferentes ás das xeracións que a precederon. Comprometidos co país, pero claramente instalados nas liñas de forza que marcan transnationalmente a cultura occidental hoxe, estes autores tratan dun xeito inédito novas temáticas, afástanse da filoloxización ou do nacionalismo esencialista e arríscanse en hibridismos xenéricos".

Lema, Solleiro, Dávila, Hermo, Otero e Sotelo representan a ollos da presentadora e organizadora do ciclo un compromiso co futuro, unha pelexa consciente por unha nova forma de explicármonos o mundo. Unha aposta da que os autores e autoras deixarán mostra nas sesións nas que participan. Lema e Solleiro o día 26 na mesa redonda titulada *Ser ou non ser posmoderno? As oportunidades perdidas e os ciclos pechados*; Dávila e Hermo o día 3 de outubro na sesión *Furia estratéxica para un tempo salvaxe? Precariedade e poesía* e Otero e Sotelo o día 17 de outubro na mesa *Teatro impuro para tempos bastardos*.

Vizoso presente literario en Galicia

Aínda que a literatura galega é un dos sectores que ademais de sufrir unha crise de seu está a verse afectada pola conxuntura económica actual, non faltan, neste contexto, a priori tan negativo, razóns para o optimismo ata o punto que a escritora e profesora da Universidade de Vigo, Rexina Vega, fala dun presente literario galego "incriblemente vizoso". Sustenta Vega esta afirmación no feito de que "nunca como agora houbo tanta diversidade e calidade". De aí a importancia de ciclos como o que a partir desta semana se desenvolverá na Universidade de Vigo e que a súa coordinadora afirma "facilita coñecer o real, o noso activo cultural que contra as múltiples ameazas e tensións, se afirma e medra". Vega incluso fala do papel "fundamental" que ten a Universidade xunto coa AELG nun contexto abafante no que a produción galega perde visibilidade sometida a leis puramente comerciais e cada vez máis desprotexida institucionalmente.